



Área sanitaria de FERROL

CONTRATACIONES

Na Comisión Provincial de Seguimento do Pacto de vinculacións temporais celebrada en Coruña o **3/6/09**.

1. **CIG-SAÚDE** solicita información sobre a contratación de persoal da categoría de celador.

Detectando que existe un erro comprobado na información aportada pola Dirección Provincial, consistente en que un aspirante da citada categoría non entrou no descanso de tres meses despois dun ano de servizos prestados. Instamos a que se corrixa dito erro e se aplique o tempo de descanso (noma x.8) inmediatamente da finalización do último contrato.

Compromiso que asume a Dirección Provincial e que así constará en Acta.

Revisando a contratación, se detecta no mesmo caso, a non coincidencia entre os contratos realizados pola xerencia de Ferrol e a información de ofertas de vinculacións realizadas dende a Dirección Provincial; apreciando que Ferrol contrata a pesar de que o aspirante supere os 180 días de contratación por “acumulación de tarefas”.

Todo indica que a Xerencia renova contratos de acumulación de tarefas, sen a preceptiva solicitude á Dirección Provincial.

O órgano competente das contratacións deberá recordar a esta xerencia, o Pacto vixente e velar polo seu cumprimento. Así o esiximos e así o volveremos a reivindicar as veces que seña necesario ou denunciar se non se corrixe.

Esperamos o informe escrito do Área de Ferrol sobre estas “anomalías” cos ceses correspondentes e a contundente resposta do órgano responsable das contratacións (Dirección Provincial).

2. Trátase un escrito remitido por persoal non sanitario reclamando entre outras, a mellora nos seguintes aspectos:
 - que se chame polo menos dúas veces telefónicamente a cada aspirante (a Dirección Provincial se compromete a elo)
 - mellorar a comunicación entre aspirantes e Dirección Provincial (se comprometen a habilitar a comunicación vía correo electrónico). Instando a que pronto se habilite esta medida, seguiremos informando.
3. Trátase novamente o tema da contratación dunha traballadora da categoría celadora que por mor dunha contratación nominal de curta duración, renova contrato nominal de previsión longa duración; solicitando que se realice pregunta á Dirección de Recursos Humanos do SERGAS, de si é preceptivo o seu cese ou non. Tedes á vosa disposición ó acta de 3/ 09 donde xa se lle dera tratamento a este caso; solicitando a realización dunha convocatoria extraordinaria de listaxes de persoal administrativo.



área sanitaria de FERROL

Convocatoria que a Dirección Provincial se negou a solicitar; polo que agora temos novamente unha praza vacante de persoal Administrativo descuberta, sen listas de contratación desa categoría.

¿Qué vai ocorrer? Legalmente non se pode cubrir nominalmente cun vínculo de longa duración doutra categoría.

Non podemos aceptar que se cubra con acumulacións eternamente e moito menos que se cubra con alguén fora de listaxes do SERGAS, sen baremo nin criterio algún !!!!!

Por elo o noso deber de seguemento de estas contratacións.

4. Recórdase á Dirección Provincial o dereito dos aspirantes da listaxe “pool” a contratos inferiores ou iguais a 4 meses, no período estival, unha vez esgotada a listaxe xeral, con preferencia sobre os aspirantes das convocatorias automáticas (norma 12.3.5.).

No mesmo sentido informar que no noso local tedes as actas que queirades.

Instamos a que a Dirección de Recursos Humanos:

- Non faga contratacións irregulares, ocultando información ó organismo competente da contratación (Dirección Provincial).
- Realice a petición de contratos á Dirección Provincial de forma correcta e ordenada.
- Dea cobertura ás prazas vacantes hospitalarias, con vínculos de longa duración, non con contratos de acumulación de tarefas, que aínda por riba nin siquiera se lle ofertan ó aspirante o que lle poidera corresponder !!
- Realice a convocatoria de acoplamentos internos en atención primaria, que é aberta e permanente, donde, a día de hoxe, existen vacantes que non están xerando contratos de longa duración (é dicir...estabilidade!) senón tan só.. acumulacións e máis acumulacións de tarefas; unha contratación precaria para os traballadores e prexuízos para os usuarios que non atopan permanencia ou continuidade nos profesionais que os atenden. Queremos seriedade e feitos certos, non compromisos verbais que carecen de valor como comprometerse a sacar os acoplamentos de primaria e logo saber que polo menos ata outubro isto non vai ser así, xa que as acumulacións de tarefas realizadas en pasados días son ata o 30 de setembro.
- Cobertura da praza de persoal administrativo do Área, con profesionais da categoría das listas do Sergas.

Tentaremos solucións a estes “sucesos” que teñen lugar debido á xestión desta Dirección de Recursos Humanos.

Máis información nos nosos locais.